

Naufraxio romano de Vila Xoiosa.

No ano 2000, dous apaixonados do mar descubriron, mentres buceaban fronte ao término municipal de Vila Xoiosa, en Alacant, o naufraxio de época romana coñecido como Bou Ferrer.

Desde entón os arqueólogos esfórzanse por protexelo e estudalo.

No século I despois de Cristo, centos de ánforas que contiñan o apreciado *garum* elaborado en Cádiz viaxaban nun gran veleiro, probablemente con destino a Roma.

A nave naufragou fronte ás costas alicantinas, moi afastada da súa ruta por alta mar. Tralo seu afundimento, as partes de madeira do buque que non quedaron enterradas na lama, foron desaparecendo, de maneira que agora só son visibles as ánforas.

Delas, as máis superficiais fóronse crebando ao engancharse coas redes de pesca tradicionais; pero, a maior parte do cargamento conservouse en bo estado.

Trala primeira inspección submarina realizada polos arqueólogos, comprobouse que o tamaño do pecio do Bou Ferrer era moi superior ao que adoitan ter os restos deixados polos naufraxios de embarcacións romanas nas costas españolas. As súas dimensións e o seu cargamento permitiron poñelo en relación coa familia dos grandes veleiros de comercio que durante as primeiras décadas do Imperio navegaban desde a provincia romana da Bética cara a Roma.

O lama mariña, que continuamente precipita na zona onde reside o pecio, enterrou lentamente o xacemento e fixo que se conservasen intactos a parte inferior da carga e o casco da nave. O estudo do xacemento arqueolóxico permitiu coñecer que o buque tería unha eslora duns 27 metros e que transportaba un cargamento principal envasado en máis de 2.500 ánforas. Como cargamento secundario, varias toneladas de lingotes de chumbo axudaban a mellorar a estabilidade da nave durante a navegación.

Con todo, a riqueza do xacemento non pasou inadvertida para os expoliadores, que roubaron e esnaquizaron moitas ánforas coa intención de vendelas no mercado negro.

Os arqueólogos sacaron á superficie algunhas das pezas que os saqueadores perderan durante o roubo.

Os estudos arqueolóxicos permitiron coñecer o porto de orixe da nave romana e establecer que ten case dous mil anos de antigüidade.

Coa intención de preservar un xacemento arqueolóxico de tal importancia, a Generalitat Valenciana desenvolveu un proxecto pioneiro, que consiste na montaxe dunha estrutura liviá, pero moi resistente, que dificulta o roubo de ánforas do naufraxio romano de Bou Ferrer, un pecio que polo seu estado de conservación, dimensións e accesibilidade pode ser considerado como o máis importante de época alto imperial localizado no litoral español.